

PONTE CALDELAS**A N U N C I O**

Por Resolución de Alcaldía de data 3 de maio de 2013 procedeuse á aprobación do expediente tramitado para a adxudicación de CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS DE VENDA DE ALIMENTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS. Exponse ao público tanto o proxecto coma o Prego de cláusulas administrativas polo prazo de trinta días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio, aos efectos de que poidan presentarse reclamacións, anunciándose ao mesmo tempo e polo mesmo prazo a licitación acordada, que se aprazará no suposto de que se formulen alegacións.

1º. ENTIDADE ADXUDICATARIA:

- Organismo: Concello de Ponte Caldelas

2º. OBXECTO DO CONTRATO:

- Obxecto: Concesión demanial dos postos de venda de alimentos vacantes no Mercado Municipal do Concello de Ponte Caldelas
- Lugar de execución: Mercado Municipal de Abastos do Concello de Ponte Caldelas.
- Duración: 20 anos a contar dende a data de adxudicación.

3º. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

- Tramitación: ordinaria
- Procedemento: Aberto , mediante poxa, oferta economicamente máis vantaxosa, un único criterio de adxudicación, de concesión administrativa de uso privativo de ben de dominio público.

4º. TIPO DE LICITACIÓN:

- Posto L3.—1225,00 €, actividade sen determinar.
- Postos C3, C4, C5, C6 e C7.—125,00 €, actividade peixe froitas e verduras.

A mellora sobre ditos prezos será á alza, sen que se admitan proposicións por contía inferior ó mesmo.

5º. GARANTÍAS:

- Definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

**6º. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN,
E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:**

- Entidade: Rexistro Xeral do Concello de Ponte Caldelas
- Enderezo: Avenida de Galicia 17
- Localidade e Código Postal: Ponte Caldelas 36820
- Teléfonos: 986750001 e 986750013
- Fax: 986750020
- Web: www.pontecaldelas.org

7º. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO/A ADXUDICATARIO/A:

- Poderán tomar parte da poxa as persoas naturais ou xurídicas interesadas, que se atopen en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar e non estean comprendidas en ningún dos casos de incapacidade e incompatibilidade sinalados na lexislación de contratos do Sector Público e demais disposicións legais de aplicación e particularmente previstas na Ordenanza nº 2, Reguladora do Servizo Municipal do Mercado de Abastos do Concello de Ponte Caldelas.

8º. PRESENTACIÓN DE OFERTAS:

- Prazo: 30 días hábiles seguinte á publicación do anuncio de licitación no BOP.
- Lugar: Rexistro do Concello de Ponte Caldelas.

9. APERTURA DAS OFERTAS:

- Lugar: Concello de Ponte Caldelas
- Data e hora: O acto de apertura da documentación administrativa (sobre A) celebrarase no Salón de Sesións do Concello, ás 13 horas do terceiro día hábil seguinte, non sábado, do de finalización do prazo de presentación de proposicións. No caso de que existan deficiencias subsanables concederase un prazo de 3 días para a subsanación. O mesmo día de apertura da documentación citada ou o día seguinte de finalización do prazo de subsanación establecido procederase á apertura dos sobres que conteñen a oferta económica, acto que será público.

10. GASTOS DOS ANUNCIOS:

A conta do adxudicatario.

11. PÁXINA WEB PARA OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN:

www.pontecaldelas.org

Ponte Caldelas, a 3 de maio de 2013. — O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muiños.

2013004166

A N U N C I O

O Concello de Ponte Caldelas, segundo Resolución de Alcaldía nº 146, de data 02/05/13, rectificou as bases de selección do concurso-oposición para a contratación laboral temporal, mediante contrato de interinidade, do posto de Operario-Conductor do Concello de Ponte Caldelas.

Os/as interesados/as poderán presenta-la documentación (entre outras, a vida laboral actualizada e permiso de circulación C, ata o décimo día natural dende a publicación no Boletín da provincia de Pontevedra, nas oficinas do Concello ou polos demais medios establecidos nas bases.

Acéptanse as solicitudes de participación no proceso selectivo presentadas ata a data 18/03/13, a fin de non perxudicar ós/ás participantes; sen perxuizo de que presenten a documentación complementaria para ser admitidos ó citado proceso, dacordo coas bases corrixidas a raíz desta resolución.

As bases rectificadas desta convocatoria están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios do Concello e en www.pontecaldelas.org.

Ponte Caldelas, a 2 de maio de 2013. — O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muiños.

2013004180

A N U N C I O**APROBACIÓN PADRÓN TAXA DE AUGA POTABLE
E SUMIDOIROS 1º TRIMESTRE 2013**

Confeccionado o Padrón da Taxa de auga potable e sumidoiros por Aquagest S.A correspondente ó 1º trimestre do ano 2013, en base ás facultades que me concede a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente